

1. Dá a palabra correspondente á definición.

- Estante onde se pon a escorrer a louza lavada: ES_____
- Pano para limpar o po: B_____
- Obxecto para extraer os tapóns de cortiza das botellas:
- Coador grande para escoar a auga de cocción: ES_____
- Obxecto para gardar friames e comida fría: F_____
- Culler grande para servir comida líquida:
- Peza que cobre unha pota:
- Moble triangular que se pon no canto entre dúas paredes: CAN_____
- Leito dos meniños:
- Recipiente pequeno para ouriñar nel:
- Cadeira de brazos que serve para arrandearse:
- Cazolo para ferver o leite: FER_____
- Conxunto de pratos, pratas e outros recipientes para servir a mesa: V_____
- Conxunto de roupa, mobles, etc. que os noivos levan ao casaren: EN_____
- Aparello para prender o lume:
- Obxecto para relar cenorias, casca de limón...:
- Escaleira portátil:
- Pía na cociña onde se frega a louza:
- Cordel ou arame para colgar a roupa a secar:
- Conxunto de culler, garfo e coitelo; servizo de comedor para unha persoa:
- Pau moi fino e aguzado para sacar a comida metida entre os dentes:

2. Asocia a palabra coa súa definición.

talla, tallo, cacifo / cacipo, porrón, billa, axóuxere / ruxerruxe, mamadeira, canapé, randeeira / arrandeadoiro, espeteira, alzadeiro / cunqueiro, mesado, gabeta / caixón, desaugadoiro, mira, grella

- andel con espetos para pendurar obxectos de cociña ou ferramentas.
- moble de cociña con estantes para a louza, vasos, botellas e outros obxectos.
- xoguete de meniños, cun mango e un ou varios cascabeis.
- recipiente para poñer roupa a remollo.
- táboa ou pedra que cobre os mobles baixos da cociña.
- asento longo con respaldo onde se pode estar sentado ou deitado.
- asento sen respaldo para unha soa persoa.
- reixa de ferro para asar alimentos sobre as brasas.
- cadeira para arrandearse / xoguete para arrandearse, bambán.

- burato do lavabo, bañeira ou bidé por onde some a auga.
- recipiente para o sal ou as especias.
- Caixón corredizo de certos mobles.
- Abertura na porta para ver quen peta.
- biberón / peza de caucho que se pon no biberón para que os meniños mamen.
- vasilla de barro ou de vidro para manter a auga fresca.

3. Di que electrodoméstico usarías para...

- facer iogur:
- quentar o leite:
- fritir as patacas:
- torrar o pan do almorzo:
- lavar a roupa sucia:
- lavar a louza:
- pasar a roupa para quitarlle as engurras:
- bater ovos e facer amoados:
- aspirar o po:
- aspirar o fume e o bafo das potas:
- espremer o zume dunha laranxa:
- moer café:
- quentar a auga da billa:

4. Cubre os ocos coas palabras apropiadas.

- Xa mercamos o tresillo para o salón: un sofá de cor marrón e dúas _____ a xogo.
- O meniño xa non usa _____ pola noite, pero poñémoslle un _____ debaixo da cama por se quere mexar. É un chisco pequeno para ir ao váter só.
- No recibidor imos pór unha cómoda con varias gabetas, e nun dos ángulos, en vez das _____ esas triangulares que se levaban antes, un _____ para pendurar os abrigos e un _____, que non temos nin onde poñer os paraugas.
- Ti que fumas, dáme o _____ ou uns _____ para prender o lume.
- Lázaro de Tormes servira un fidalgo esfameado que se poñía na porta da casa cun _____ na boca para aparentar que xa xantara.
- No patio puxeron unha _____ para facer o churrasco.
- O leite sempre o paso polo _____ : non me gusta que teña tona.
- Imos cambiar a cociña por unha placa vitrocerámica, porque xa estamos fartos de lle limpar os _____.

- Teño que poñer o _____ para as oito, que ás nove teño cita para o dentista.
- Debeume caer algo polo _____ e agora están os canos atoados.

5. Indica a diferenza.

candeeiro - candelabro

escoador - coadoiro ou coador - escorredoiro

xerra - xerro

quentar / quecer

6. Dá un verbo da mesma familia léxica.

batedor

espremedor

relador

moble

espertador

peite

torradora

grampadora

13. Asocia os sinónimos.

1. gabeta	escachanoces
2. funil	ola
3. alzadeiro	embude
4. crebanoces	espumadeira
5. escumadeira	caixón
6. garfelo	butaca
7. pota	funda (de almofada)
8. mulido	penico
9. testo / tello	cullerón
10. biberón	rolo / barrelo
11. almofada	rolla / rodela
12. cadeira de brazos	cabezal
13. berce	cunqueiro
14. ouriñal	mamadeira
15. almofadón	tapadeira / tapa / tampa

7. Dá un sinónimo de cada vocábulo.

cinta

inodoro

armario

balanza

freganzo

cazola

caldeiro

coadoiro